

I Maxistral Cidade de Lugo

A Escola Luguesa de Xadrez, a Asociación Cultural Xaquedrum, a Deputación de Lugo, coa colaboración do Concello de Lugo, El Progreso, Cadena Cope, Cadena Cien e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organizan o I Maxistral Cidade de Lugo.

O torneo disputarase no Albergue Lug 2. O torneo o xogarán dez xogadores e será válido para ranking internacional como tamén para a obtención de norma de Mestre Internacional da Federación Internacional de Xadrez. Cada xogador terá 90' + 30" por xogada para levar a cabo toda a partida.

Os torneos maxistrais son torneos pechados, xeralmente a dez xogadores, cuxo obxectivo é que xogadores locais poidan xogar contra xogadores internacionais e vaia collendo experiencia internacional.

Os xogadores da Escola Luguesa de Xadrez que participan neste importante evento temos a Pablo López cunha clasificación internacional de 2156, Carlos Casares con 2128, Alejandro Domínguez 2386 e Rubén Domínguez con 2369.

Como xogadores máis destacados está o Gran Mestre Letón Ilmars Starostits con 2492, o Mestre Internacional Portugués Ventura Sousa e o Mestre Internacional de Aruvia Jael López con 2418 e o novísimo Mestre fide holandés Siem Van Dael con 2252 que este

verán logrou quedar quinta no European Youth Chess Championship 2019 Open 16, empatado ao segundo posto con sete puntos.

E os demais xogadores convidados está o Mestre Fide da Coruña Jose Sande con 2245 e o Mestre Fide Murciano Aaron Alonso con 2247.

A entrada é totalmente gratuíta para que os espectadores que queiran animar ás promesas lucenses poidan facelo.

Horario de xogo:

Calendario

Rolda 1	09/02/2020 10:00
Rolda 2	09/02/2020 17:00
Rolda 3	10/02/2020 17:00
Rolda 4	11/02/2020 17:00
Rolda 5	12/02/2020 17:00
Rolda 6	13/02/2020 17:00
Rolda 7	14/02/2020 17:00
Rolda 8	16/02/2020 10:00
Rolda 9	16/02/2020 17:00

Emparellamentos, listaxe: [https:// info64. org/i-pechado- cidade-de-lugo-de- xadrez](https://info64.org/i-pechado-cidade-de-lugo-de-xadrez)





FM DOMINGO NÚÑEZ, ALEJANDRO

ESP 2386



VENTURA SOUSA, ANDRÉ

POR 2391



CASARES CABANAS, CARLOS

ESP 2128





IM LÓPEZ, JASEL

ARUB 2418



FM SANDE EDREIRA, JOSÉ

ESP 2245



LÓPEZ VARELA, PABLO

ESP 2100





FM DOMINGO NÚÑEZ, RUBÉN

ESP 2369



GM STAROSTITS, ILMARS

LAT 2492



FM VAN DAEL, SIEM

NED 2252

